

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 20 DE MARZO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de marzo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de Marzo do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- LICENZAS DE OCUPACIÓN.**

“Visto o escrito, de data 09.03.06, presentado por **dona Amalia Padrón Chao**, con domicilio na rúa Oliveira-Edificio Avia, 26-2ºD, desta vila, no que solicita a devolución da fianza constituída por importe de 901,52 euros, o día 04.07.2000, para dar cumprimento ás esixencias da licenza de construción concedida para as obras da súa casa na Travesía da Oliveira, nº1, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2000.

Visto o informe da arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 13.03.06, no que se sinala que a edificación realizouse mediante Proxecto Básico e de Execución redactado polos arquitectos don César Portela Fernández-Jardón e don Paulino Sánchez Chao, presentándose o 25.11.05 o certificado final da Dirección da obra, e realizada a visita de comprobación informa favorablemente a concesión da licenza de 1ª ocupación e a devolución da fianza de 901,52 euros constituída para responder da reposición dos pavimentos e bo estado da vía pública.

Vistos os informes técnico e xurídico obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- A concesión da Licenza de 1º ocupación a dona Amalia Padrón Chao para a edificación sita na Travesía da Oliveira, nº 1, desta vila.

Segundo.- Proceder a devolución da fianza de 901,52 euros constituída con data 04.07.2000.”

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

“Dáse conta do escrito de don Francisco Martín Moreno, en representación da empresa RETEVISIÓN MÓVIL S.A., de data 09.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 15.03.06, polo que se comunica ao Concello que aos efectos de notificacións dos expediente de licenza se teña en conta o cambio de domicilio social da empresa á rúa Garcilaso, nº 80, 08027, Barcelona.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito do Rexistro da propiedade de Ribadavia, de data 07.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 17.03.06, polo que se comunica a inscrición a favor de dona María Purificación Lamas Alonso e dona María Purificación García Lamas, dunha declaración de obra nova terminada, formada por unha casa de soto, baixo e dúas plantas, sita na rúa Yáñez, hoxe número 3 da rúa Salgado Moscoso, e a obra nova foi rematada antes do ano mil novecentos sesenta, segundo certificación do arquitecto.”

#### **5.- ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACIÓN PREGO PARA ADXUDICACIÓN POR PRODEMENTO NEGOCIADO DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DA ACCIÓN DE AVALIACIÓN NACIONAL DENTRO DO PROXECTO COMUNITARIA “AVIA CREA FUTURO”.**

“Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato de consultoría e asistencia técnica para a execución da acción de avaliación nacional do Proxecto “Avia Crea Futuro” da iniciativa comunitaria Equal, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, proposto polo Secretario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, xunto co gasto e o prego para a adxudicación do contrato de consultoría e asistencia para a execución da acción de avaliación nacional dentro do Proxecto Avia Crea Futuro.

Segundo.- Cursar invitación a tres empresas con capacidade para realizar o obxecto do contrato, concedéndolles un prazo de sete días naturais para que presenten as súas ofertas e a documentación requirida no prego.

Terceiro.- A adxudicación farase pola Xunta de Goberno Local unha vez examinadas e valoradas as ofertas presentadas polos licitadores.”

**APROBACIÓN PREGO PARA ADXUDICACIÓN POR PRODEMENTO NEGOCIADO DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DA ACCIÓN DE AVALIACIÓN TRASNACIONAL DENTRO DO PROXECTO COMUNITARIA “AVIA CREA FUTURO”.**

“Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato de consultoría e asistencia técnica para a execución da acción de avaliación trasnacional do Proxecto “Avia Crea Futuro” da iniciativa comunitaria Equal, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, proposto polo Secretario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, xunto co gasto e o prego para a adxudicación do contrato de consultoría e asistencia para a execución da acción de avaliación trasnacional dentro do Proxecto Avia Crea Futuro.

Segundo.- Cursar invitación a tres empresas con capacidade para realizar o obxecto do contrato, concedéndolles un prazo de sete días naturais para que presenten as súas ofertas e a documentación requirida no prego.

Terceiro.- A adxudicación farase pola Xunta de Goberno Local unha vez examinadas e valoradas as ofertas presentadas polos licitadores.”

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.